

PLATAFORMA INTERSINDICAL FRENTE AO COLAPSO SANITARIO ANUNCIA MOBILIZACIÓN O VINDEIRO DÍA 22 DE XANEIRO

Funcionarios de todos os sectores unímonos fronte á crise de MUFACE, que, de non resolverse, acarrexará graves consecuencias para o conxunto da poboación

Os sindicatos ANPE, FEDECA, SIAT, SPP, SUP UFP, USIE e USO, que representan unha ampla porcentaxe de funcionarios civís, decidimos **unir forzas fronte á crise aberta entre aseguradoras sanitarias e o Goberno**, que supón un grave risco para o servizo sanitario de toda a poboación.

A absorción de funcionarios polo sistema público de saúde acarrexaría consecuencias devastadoras nalgunhas comunidades autónomas que, a día de hoxe, a duras penas poden dar servizo a todos os cidadáns.

A mala xestión e a falta total de previsión, sumadas ao proxecto encabezado pola ministra de Sanidade para facer desaparecer a mutua, leváronnos ao punto no que nos atopamos agora: un abandono de pacientes, algún deles en tratamento, levándonos a todos a unha dramática situación de incerteza.

Pedimos tamén responsabilidade ás aseguradoras, tanto ás que veñen participando no concerto como ao resto. Lembramos que a atención sanitaria dos mutualistas nunca foi gratis e incluso axudou a mellorar a imaxe de compañías do sector. Hai que lembrar que non nos atenderon gratis durante os anos nos que necesitaban aos funcionarios para crecer e mellorar a imaxe das súas compañías, para que agora nos despachen deste xeito.

Aínda que algunhas voces tratan de restar importancia ao **desembarco na sanidade pública dun millón e medio de novos pacientes**, é evidente que **causaría un forte impacto, sobre todo en comunidades autónomas que xa están vivindo un colapso** e que sen dúbida no poderían soportar esta nova situación.

Cómpre lembrar que **MUFACE, ao igual que calquera outra mutua, soportase grazas aos seus mutualistas**, que, ademais, contribúen cos seus impostos ao soporte do sistema público estatal. Lonxe de ser un agasallo ou un privilexio, supón unha descarga de pacientes para o sistema público sanitario e un aforro para as arcas do Estado, **á marxe dos discursos e obxectivos da axenda pública da ministra Mónica García.**

A **mobilización do vindeiro día 22 de xaneiro, ás 14:00 horas, en Madrid, é unha demostración da unidade dos funcionarios civís fronte ao que, sen ningunha dúbida, pode acarrexar unha crise sen precedentes na sanidade de todos os españois.**

Fronte á impericia dos políticos e a falta de ética das aseguradoras, a unión de todos os funcionarios esixindo ao Goberno e aseguradoras responsabilidade, compromiso e un esforzo ás partes para a resolución do problema.

Madrid, 16 de xaneiro de 2025

22 de xaneiro: Concentración en defensa de MUFACE

Ás 14 horas na sede de Muface

Rúa Juan XXIII número 26, Madrid